



ASEMBLEA ABERTA MARTES 22.01.13 ás 20:00 h na Galería SARGADELOS (R/ Oliva)

Póla evidente trascendencia social do tema que se vai tratar, queremos abrir á participación de todas as persoas interesadas, con independencia da súa pertenza ou non á asociación.

En efecto, o tema único a tratar nesta asemblea é o da polémica MODIFICACIÓN DA LEI DE COSTAS, unha decisión do goberno do estado que vai ter importantes repercusións sobre a continuidade ou non de ENCE no seu actual emprazamento.

Desde a APDR vemos con preocupación a posibilidade aberta polo executivo do PP de conceder a ENCE (e a outras empresas) unha prórroga de 75 anos da concesión administrativa en terreos de dominio público, como vemos con preocupación o resultado da aplicación desta nova Lei, que levará -na práctica- á privatización absoluta do litoral galego e do resto das comunidades do estado español. Neste sentido, entendemos que a sociedade civil ten que posicionarse para poder impedir esta nova desfeita ambiental, que pode dar ao traste de forma definitiva coa protección das nosas rías.

Xa por último, queremos facer un chamamento a todas aquelas persoas que compartan con nós estas preocupacións para que asistan á ASEMBLEA, para compartir información sobre o tema e aportar as propostas que consideren co obxectivo de tomar iniciativas quen de frear esta nova agresión, ben sexa pola vía da mobilización social, ben mediante accións xudiciais.

Agradecéndonlle a difusión desta nota, reciban un saúdo da Xunta Directiva da APDR,

Asdo: Antón Masa

ASEMBLEA ABERTA

**“A modificación da Lei de Costas e
a permanencia de ENCE na Ría”**



SARGADELOS

Martes 22 de xaneiro ás 20 h